# Guía da metabusca

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SERVIZO GALEGO de SAÚDE

# ÍNDICE


1. METABUSCA ¿QUÉ E? ....................................................................3
2.¿COMO REALIZAR UNHA METABUSCA? ...........................................3
3.¿COMO SE MANEXAN OS RESULTADOS DUNHA METABUSCA? ..........6
4.FILTRAR RESULTADOS ..................................................................... 9

# Metabusca

## 1. ¿Que é?

A **Metabusca** é o módulo do Mergullador que permite realizar consultas simultáneas en varios recursos-e de tipo Buscable e Metabuscable seleccionados polo propio usuario. Aínda que pode resultar o máis complexo, tamén é o máis flexible e con maior potencialidade para personalizar as consultas dos usuarios máis avanzados.
Permite buscar simultaneamente no contido de ata 10 recursos compatibles con Mergullador que selecciona o propio usuario, sempre que estean situados no mesmo grupo ou materia.

Se o usuario quere buscar simultaneamente en recursos situados en diferentes grupos ou materias, poderá crear un grupo propio na súa área persoal (o Meu espazo – Os meus recursos e).

A outra opción de busca en varios recursos á vez, pensada para usuarios principiantes ou sen experiencia atópase na pestana "Busca por Categorías", que xeralmente se coñece como Busca Rápida. Neste módulo de Busca por Categorías, o usuario non pode quitar nin engadir recursos-e no grupo predefinido pola Biblioteca.
A vantaxe da Metabusca sobre a busca por categorías é que si permite a selección de recursos polo usuario.

## 2. ¿Como realizar unha metabusca?



## 1. Seleccionar o tipo de busca




O primeiro paso na busca, será seleccionar a opción de busca:

**Os meus Recursos-e:**

Esta opción é só para usuarios que xa se identificaron, e permitiralle facer a busca simultánea en varios recursos, seleccionados previamente na pestana Buscar recurso-e (consultar manual específico) e incluílos en "Mi Espacio". Se vostede non seleccionou previamente os recursos, esta opción non estará dispoñible.

**Grupos seleccionados:**

Estes grupos coinciden cos da Busca por categorías preconfigurados pola biblioteca. Permitiralle seleccionar os recursos que desexe cun √ no recadro do módulo central dentro dese grupo escollido.

**Materias:** Permite localizar recursos segundo a materia e a submateria á que estean adscritos. É a biblioteca a que asigna as materias e submaterias a cada recurso-e.

**Buscar:** Permítelle escribir un título, un provedor de recursos-e, seleccionar unha das materias, escribir calquera palabra ou seleccionar o tipo de recurso-e nos que desexa realizar a busca.

## 2. Cadro de busca

É o recadro onde se introducirá o texto da consulta, e permite seleccionar entre busca simple ou avanzada. Na busca simple poderá introducir a súa busca como unha frase. Neste caso, buscará estes termos xuntos, na orde en que os introduciu, en calquera campo dos recursos electrónicos. Se pola contra quere

que aparezan en calquera parte do documento debe utilizar os operadores *booleanos* AND e OR.

A pestana de busca avanzada permite a opción de delimitar a busca polos campos, Materia, título, autor, ISSN, ISBN, e ano; ademais de combinar dous termos ou dous campos, cos operadores booleanos "Y" "O" "NO"







## 3. Recursos-e

Nesta área aparecen os recursos electrónicos que hai que seleccionar, marcando cada un deles. A busca realizarase en todos os recursos que nós seleccionamos.
Algúns recursos non presentan a opción de seleccionalos cun √ no cadro en branco . Isto é porque son recursos enlazables, non compatibles co sistema de busca de Mergullador. Para realizar unha busca nestes recursos-e, debe picar sobre o título, e o sistema conectará coa interface orixinal do recurso.
O botón permitiralle engadir os recursos que desexe a “Mis recursos-e”, dentro da área personalizada de O meu espazo, sempre que se rexistrara previamente co usuario e contrasinal que utiliza habitualmente para acceder ao correo do Sergas. Os recursos que xa seleccionou como os seus favoritos aparecen marcados coa icona



Eses recursos que agregou como os seus favoritos, son os que lle aparecerán na opción "os meus recursos-e", e permitiranlle personalizar os recursos nos que vostede desexa realizar a metabusca porque son cos que traballa habitualmente.




## 3. ¿Como se manexan os resultados dunha metabusca?

Unha vez que pulsamos o botón "Buscar", aparécenos unha pantalla que nos indica que a busca se está a realizar nos recursos que seleccionamos.




En canto Mergullador recupera resultados, móstranolos por defecto, os de todos os recursos xuntos combinados , en formato táboa e ordenados por anos, comezando polo máis recente. Mostraranos, tamén por defecto, os primeiros rexistros, coa posibilidade de visualizar máis. Hai que ter en conta que existe unha diferenza entre o número de resultados que obtén na busca e os que nos mostra na primeira pantalla de visualización.




Na busca do exemplo que podemos ver na imaxe de abaixo: "abdominal pain" Y "Children" recupéranos 11.612 resultados, pero móstranos os primeiros 64 (en pantallas de 20). Se queremos visualizar máis resultados debemos picar na opción "Combinar máis". Tamén podemos cambiar o formato de visualización, polo formato detallado ou o completo, picando nesas opcións. Para pasar de páxina e ver os 20 rexistros seguintes, picamos na opción "Seguinte".




Mergullador tamén nos permite variar a ordenación na que se mostran os rexistros, que por defecto ordénanse por ano:




Podemos visualizalos ordenados por Relevancia ( ), por Título, por Autor ou por Recurso.




Este botón permitiranos gardar os rexistros en "Mi selección", dentro de "Mi espacio", sempre que esteamos identificados .

Este botón de SFX permitiranos enlazar co texto completo do artigo ou do recurso, sempre que sexa gratuíto ou Bibliosaúde dispoña de subscrición.

O marco que nos mostra á dereita da pantalla, permítenos filtrar os resultados picando nos enlaces por agrupacións de índices de Temas, Datas, Títulos de revista, Recursos ou Materias. Ao lado de cada encabezamento e entre paréntese indícanos o número de recursos que atoparemos baixo ese epígrafe. O símbolo ⊞ permítenos despregar as sub-agrupacións baixo un determinado epígrafe.



Podemos recuperar as buscas recentes, que están dispoñibles mentres non saiamos ou pechemos a nosa sesión, picando sobre as palabras das estratexias que aparecen baixo a columna consulta. Indícanos en cantos recursos-e realizou a busca e o número de rexistros que recuperou en cada estratexia.

**Atención:** Se pulsamos a icona da papeleira dende esta opción, borraremos todo o listado de buscas recentes, sen pregunta previa de confirmación.




Tamén podemos refinar a nosa busca, na pestana

## 4. Filtrar Resultados

Esta función da Metabusca permítenos delimitar a última consulta executada engadíndolle máis termos, e facendo uso dos operadores *booleanos* (Y,O,NO), ou seleccionando un campo de busca concreto, como Título, Materia, Autor ou Ano.
O obxectivo deste filtro é **refinar os nosos resultados para facelos máis precisos,** pero non permite combinar dúas buscas distintas, nin cambiar os recursos-e sobre os que realizamos a consulta.